

# Modos de comportamento da controladora SATA

Como xa se veu na páxina [SATA vs PATA](#) decídese facer o cambio de PATA a SATA. Pero os dispositivos SATA teñen varios modos de funcionamento, que se poden configurar no BIOS e nos permiten facer que o dispositivo aí conectado adopte distintas características. En xeral, estes tres modos de funcionamento serán:



## SATA mode

### • Legacy

Como sempre, o modo Legacy indica compatibilidade co dispositivos antigos. O máis habitual é configurar deste xeito o noso dispositivo SATA cando vai estar funcionando nun sistema operativo "antigo".

Moi típico facelo cando o sistema operativo era Windows XP pois este non traía de fábrica os drivers dos novos chips SATA e o instalador dos sistema operativo "non vía" o HD.

Para solucionar este problema o mellor era empregar o programa NLite para agregar os controladores do chip SATA á nosa distribución XP.

### • AHCI

É o modo de funcionamento SATA típico. É o que teremos que configurar se queremos que o noso dispositivo SATA aproveite todas as características deste interface.

Enlaces interesantes:

- ◊ [Especificación SATA en intel.com](#)
- ◊ [AHCI en Wikipedia - Inglés](#)
- ◊ [serialATA.org](#)

### • RAID

Se a nosa praca ten chip RAID a BIOS terá a opción de configurar eses conectores SATA para facer RAID entre varios dos HD se así nos interesa.

-- [Volver](#)